



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN  
DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA  
[TR341R]

Aberto o prazo ata  
o 30 de setembro



## Persoas beneficiarias

- Persoas traballadoras dadas de alta no RETA ou autónomas<sup>(\*)</sup>
- **Sociedades e comunidades de bens<sup>(\*)</sup>** respecto das persoas autónomas societarias

(\*) Con centro de traballo ou domicilio social en Galicia



## Accións subvencionables

Orzamento  
1.000.000 €

### Bono Autónomo Concilia I

**Apoio á contratación dunha persoa traballadora por conta allea<sup>(\*\*)</sup> ou da mesma persoa xa contratada por interinidade por maternidade ou paternidade**, realizada no prazo dos 15 días naturais seguintes á finalización do período de baixa por nacemento, adopción ou acollemento.

### Bono Autónomo Concilia II

**Apoio á contratación dunha persoa traballadora por conta allea<sup>(\*\*)</sup>**, realizada nos 3 meses anteriores á solicitude da axuda, para o coidado de maiores ou dependentes con relación de parentesco ata 2º grao coas que conviva a persoa solicitante.

(\*\*) Cunha persoa desempregada cunha duración mínima de 6 meses e un máximo dun ano e iniciados entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.

**E para beneficiarias** do Bono autónomo Concilia I ou II desta convocatoria:

### Bono Autónomo servizo para o coidado de menores

**Apoio para a contratación dun centro ou do servizo de coidado de menores<sup>(\*\*\*)</sup>** descendentes directos (1º grao de consanguinidade) ou cos que convivan desde hai máis de 3 meses.

### Bono Autónomo servizo para o coidado de maiores ou dependentes

**Apoio á contratación dun centro ou do servizo de coidado de persoas maiores e/ou dependentes** de ata o 2º grao de consanguinidade ou que acrediten a súa convivencia desde hai 3 meses antes á solicitude da axuda.

(\*\*\*) Serán subvencionables os gastos destes servizos entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN  
DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA  
[TR341R]



## Contía dos apoios

Bono Autónomo **Concilia I**

ou

Bono Autónomo **Concilia II**

Ata **500€** /mes completo<sup>(\*\*\*\*)</sup>

Durante a duración da contratación, cun **máximo de 12 meses**.

Nos casos de duración incerta a subvención será polos meses indicados no Anexo I.

O importe máximo a percibir será **6.000 €**<sup>(\*\*\*\*)</sup>

Bono Autónomo **Servizo  
coidado de menores**

e/ou

Bono Autónomo **Servizo  
coidado de persoas maiores  
ou dependentes**

O **75%** do custo do centro ou servizo de coidado contratado

O importe máximo a percibir será **3.000 €**

Bono autónomo para o servizo de coidado de menores e coidado de maiores ou dependentes son **compatibles entre si**.

(\*\*\*\*) Para contratacións a tempo parcial, a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 0770212022



## Obrigas das persoas beneficiarias

- **Deberá manter á persoa traballadora contratada** pola duración e xornada mínimos polos que se lle concedeu a subvención desde a alta do contrato subvencionado.
- No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora contratada, a persoa autónoma ou entidade beneficiaria deberá **cubrir a vacante cunha nova contratación cunha persoa desempregada** polo menos por unha xornada de traballo igual ou superior á de persoa substituída, tendo de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Neste caso, **a suma do tempo de contratación da persoa traballadora e substituta debe ser**, como mínimo, **igual ao tempo polo que se lle concedeu a subvención**.